



Guía Docente			
Datos Identificativos			2016/17
Asignatura (*)	Historia Económica de España	Código	611G01015
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria
Idioma	Castelán		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Economía Aplicada 1		
Coordinación	Vilar Rodriguez, Margarita	Correo electrónico	margarita.vilar.rodriguez@udc.es
Profesorado	Vilar Rodriguez, Margarita	Correo electrónico	margarita.vilar.rodriguez@udc.es
Web			
Descripción xeral	O principal obxectivo desta materia consiste en que o alumnado sexa capaz de comprender e analizar a evolución da economía española desde unha perspectiva de longo prazo, o que lle permitirá situar as etapas más representativas do seu desenvolvemento no proceso de converxencia con Europa. Non podemos esquecer que a Historia Económica ofrece ao alumnado os coñecementos sobre a evolución económica en épocas pasadas que lle faciliten a comprensión do mundo actual. O contexto actual no que vivimos (e no que o alumnado vai actuar como economista) é resultado dunha longa evolución, sen cuxa comprensión nos faltarían elementos para unha interpretación correcta dos acontecementos actuais. Nun mundo cada vez más globalizado, o coñecemento da Historia Económica e das súas raíces más profundas ten que formar parte da maleta intelectual dun futuro economista. Doutro lado, o coñecemento e reflexión sobre a evolución económica das sociedades desde unha perspectiva de longo prazo permite introducir ao estudiante nunha temática e razonamentos propios dun economista (o funcionamiento dos mercados, o comportamento dos consumidores e das empresas, os mecanismos de distribución e acumulación, a dinámica do crecemento económico, entre outros) aplicada sobre acontecementos económicos que xa sucederon e que son coñecidos. Deste xeito, a Historia Económica complementa desde o estudo dunha realidade coñecida os modelos teóricos propios da análise económica.		

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Coñecer e entender a realidad económica internacional e española, as súas transformacións no longo prazo, os sectores produtivos, e as institucións económicas e a súa evolución	A5 A11	C8
Asimilar que as realidades económicas son complexas, interrelacionadas con variables sociais, políticas e culturais, e inmersas nun contexto dinámico	A4	
Apreciar o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico	A3 A4	
Análise das variábeis que determinaron o liderado occidental no proceso de crecemento económico contemporáneo	A4 A7	
Axudar a entender as orixes e persistencia das desigualdades socioeconómicas entre países	A6 A7	C5 C8
Aplicar conceptos básicos da economía a diferentes contextos históricos	A3 A7	
Coñecer as distintas formacións económicas xurdidas na evolución histórica recente, e os factores que condicionaron as súas formas de crecemento	A4	C2



Potenciar o emprego de técnicas e instrumentos cuantitativos básicos que impliquen o uso de material estatístico e gráfico	A10 A12		
Capacidade analítica e sintética	A9		
Capacidade crítica e autocrítica	A13		C4
Capacidade de traballo en grupo	A13	C4 C7	
Capacidade de expresión, oral e escrita			C1
Reforzar a capacidade de comprensión lectora	A7 A10		
Elaborar e defender argumentos sobre cuestiós económicas	A4 A5		
Resolver problemas sobre as cuestiós económicas, facendo uso dos coñecementos sobre as teorías, os modelos e os métodos científicos da economía e a empresa	A3		
Capacidade de percura, selección e elaboración de información	A2 A7		
Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental	A3 A7		
Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamiento de repertorios estatísticos	A3 A4		
Capacidade para o traballo autónomo		C7 C8	
Capacidade de aplicar o coñecemento na práctica	A6 A12		
Analizar e interpretar datos básicos da concxuntura económica	A4 A12		
A materia aporta valores humanísticos e culturais importantes para desenvolver o liderado en empresas e Administración pública ao que están chamados os futuros Graduados en Economía		C7 C8	
Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.	A8		
- Que os estudiantes demostren posuir e comprender coñecementos nun área de estudio que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, ainda que se apoia en libros de texto avanzados, inclue tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudio.		B1	
- Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo.		B2	
- Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudio) para emitir xuizos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética		B3	
- Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado		B4	
- Que os estudiantes desenvolvesen aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía		B5	
- Que os estudiantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico		B6	
- Que os estudiantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora		B7	
Que os estudiantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as más axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.		B8	
-Que os estudiantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.		B9	



Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.

C6

Contidos	
Temas	Subtemas
INTRODUCCIÓN	1. As grandes etapas históricas da economía española: precapitalismo, crise do Antigo Réxime e capitalismo 2. A evolución da economía española no longo prazo desde unha perspectiva comparada 3. As crises económicas en España: Leccions de la Historia
TEMA 1: ECONOMÍA E CRISE DO ANTIGO RÉXIME	1. A economía española durante o Antigo Réxime 2. A crise do Antigo Réxime 1789-1840
TEMA 2: O DIFÍCIL ARRANQUE DO DESENVOLVEMENTO CAPITALISTA (1840-1913)	1. Principais obstáculos da industrialización española 2. A primeira gran crise do capitalismo, 1864-1874 3. A gran depresión da primeira globalización (1882-1897)
TEMA 3: DA I GUERRA MUNDIAL Á GUERRA CIVIL (1914-1939)	1. A saída da crise agraria e o climaterio anticipado 2. O ciclo da Primeira Guerra Mundial 3. A Gran Depresión Internacional e a II República
TEMA 4. OS ANOS DA FAME 1940-1956	1. O ciclo da I Guerra Mundial 2. A Gran Depresión Internacional e a II República 3. A economía española durante a Guerra Civil
TEMA 5. A CULMINACIÓN DO PROCESO DE INDUSTRIALIZACIÓN E A "POLÍTICA DE DESENVOLVIMENTO" ESPAÑOLA (1957-1974)	1. Plan de Estabilización e reinserción na economía mundial 2. Crecimiento económico e cambio estructural 3. Os problemas estructurais do modelo no longo prazo
TEMA 6. A ECONOMÍA ESPAÑOLA NA DEMOCRACIA (1975-2016): A CONVERXENCIA CON EUROPA E A CRISE ECONÓMICA	1. Axuste económico e transición política (1975-1985) 2. Integración europea e recuperación económica (1986-2006) 3. A crise económica mundial: o seu impacto na economía española (2007-2016)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 C7 C8	1	0	1
Estudo de casos	A3 A4 A5 A6 A7 A9 A12 B3 B6 B7 B8 C6	9	18	27
Lecturas	A7 A11 A13 C2 C5	9	27	36
Presentación oral	A6 A7 A10 A13 B3 C1	3	6	9
Proba de ensaio	A3 A6 A9 A12 C1	3	0	3
Sesión maxistral	A2 A4 A7 A8 C4	17	51	68
Proba obxectiva	A4 A6 A9 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6	2	0	2
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Planificación do curso, explicación de conceptos básicos e presentación das metodoloxías a aplicar



Estudo de casos	Incluen prácticas a partir de textos e datos estatísticos
Lecturas	Haberá varias lecturas de carácter obligatorio cuxo contido se discutirá en clase. Os seus contidos servirán como complemento das clases maxistrais e como material para realizar estudos de caso e análise de datos
Presentación oral	Debateránse os contidos das lecturas obligatorias e os resultados dos estudos de caso e análise de datos
Proba de ensaio	Durante o curso realizaranse dúas probas avaliables (cada unha 1,5 puntos) que servirán para realizar a avaliação continua dos estudiantes. Estas probas consistirán nunha análise de datos históricos e/ou unha lectura obligatoria do curso. Os alumnos dispoñerán dunha hora para realizar cada un dos exercicios propostos que computarán globalmente cun máximo de 3 puntos na nota final. As datas destas probas facilitaranse ao inicio do curso
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais o profesor impartirá as pautas clave da materia que o alumno debe coñecer e preparar con traballo individual e en grupo utilizando o resto de instrumentos que ofrece o curso. A asistencia a clase e a participación nas actividades realizadas na aula serán decisivas para elaborar a cualificación final dos alumnos dubidosos, aos que lles falten poucas décimas para o aprobado ou para subir nota
Proba obxectiva	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais. Para superar a proba, e que esta compute na avaliação final, haberá que obter un mínimo de 30 puntos dos 70 totais. Valorarase a capacidade de expresión, o manexo e o dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa. Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. Así mesmo, é necesario que cada alumno que deseñe realizar o exame se identifique correctamente co DNI ou carné de estudiante na aula onde se vaia realizar a proba.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos	En cada un dos casos ofrecerase atención personalizada aos estudiantes tanto nas sesións de clase coma no horario de titorías.
Lecturas	
Sesión maxistral	Ademais, se realizarán tamén actividades de orientación docente nas titorías de grupo reducido (4 horas para cada grupo de 15 alumnos) durante o curso.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Estudo de casos	A3 A4 A5 A6 A7 A9 A12 B3 B6 B7 B8 C6	Inclúen as prácticas con material cuantitativo. Refírese ás análises de datos estatísticos dende unha perspectiva de longo prazo. Os estudos de caso avaliaranse a través das dúas probas de ensaio/desenvolvemento	0
Lecturas	A7 A11 A13 C2 C5	Representan unha información complementaria ás clases maxistrais. En clase traballaranse as técnicas para extraer a información fundamental das lecturas e discutirse o seu contido en clase. O contido das lecturas servirá como materia complementaria á impartida nas clases maxistrais. Así mesmo, o contido das lecturas servirá tamén para elaborar os estudos de caso. En consecuencia, a súa avaliação realizarase conjuntamente cos estudos de caso a través das dúas probas de ensaio/desenvolvemento	0
Presentación oral	A6 A7 A10 A13 B3 C1	A participación activa do alumnado nas clases, a través das presentacións orais para a corrección de casos prácticos, terase en conta para elaborar a cualificación final dos estudiantes dubidosos, aos que lles falten poucas décimas para o aprobado ou para subir nota.	0



Proba obxectiva	A4 A6 A9 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais establecidas. O exame representa o 70% da avaliación final do estudiante. Pero para superar a materia o estudiante haberá de obter un mínimo de 3 puntos no exame final e unha cualificación mínima de 5 puntos na avaliación global (exame + estudo de casos). No exame valorarase a capacidade de expresión, o manexo e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa da materia.	70
Sesión maxistral	A2 A4 A7 A8 C4	Nestas sesións o profesor impartirá as pautas clave da materia que os estudiantes deben coñecer e preparar con traballo persoal e coa axuda do resto de instrumentos que ofrece o curso.	0
Proba de ensaio	A3 A6 A9 A12 C1	Inclúen as prácticas con material cuantitativo (estudos de caso e Lecturas). Ao inicio do curso, a profesora establecerá dúas datas para realizar dúas probas avaliables e computables na nota final. En conxunto, as dúas probas avaliables contarán 3 puntos na nota final de curso (1,5 cada proba).	30

Observacións avaliación

O alumnado comezará a ser avaliado dende o primeiro día de curso independentemente da súa data de matrícula.

Se o alumno se presenta a unha das probas avaliables de "Estudios de caso" e non se presenta á segunda proba avaliable de "Estudio de caso" nin ao exame final, a súa avaliación será Non Presentado". No caso contrario, se se presenta a dous estudos de caso (preséntese ou non ao exame final), a súa cualificación será a correspondente á nota obtida no conxunto de exercicios avaliables realizados no curso. O exame ou proba obxectiva celebrarase na convocatoria oficial establecida pola Xunta de Facultade. Para superar a materia, o estudiante haberá de obter en conxunto (exame + estudo de casos) unha cualificación de 5 puntos. No exame valorarase a capacidade de expresión, o manexo e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa da materia.

O criterio de avaliación para a primeira e segunda oportunidade e a oportunidade adiantada será o mesmo

Fontes de información

Bibliografía básica	BIBLIOGRAFÍACarreras, A. y X. Tafunell (2010), Historia económica de la España contemporánea (1789-2009), Barcelona, CríticaComín, F y M. Hernández (ed.) (2013): Crisis Económicas en España 1300-2012. Lecciones de la Historia, Madrid, AlianzaComín, F.; M. Hernández y E. Llopis (Eds.) (2010), Historia económica de España, siglos X-XX, Barcelona, Crónica.Llopis, Enrique (ed.) (2004), El legado económico del Antiguo Régimen, Barcelona, CrónicaLlopis, Enrique y Jordi Maluquer de Motes, (eds.) (2013). España en crisis: las grandes depresiones económicas, 1348-2012, Barcelona, Pasado & presenteMaluquer de Motes, Jordi (2014): La economía española en perspectiva histórica, Barcelona, Pasado&Presente.Nota: Al inicio de curso se colgarán en el campus virtual las lecturas obligatorias para cada tema
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



NON EXISTE UN ÚNICO MANUAL QUE CUBRA TODA A MATERIA IMPARTIDA AO LONGO DO CURSO NESTA MATERIA. A PROFESORA INDICARÁ EN CADA TEMA CALES SON AS PRINCIPALES REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS COAS QUE OS ESTUDANTES TERÁN QUE COMPLETAR A MATERIA EXPLICADA EN CLASE. ASÍ MESMO, O ALUMNADO TERÁ QUE LER E TRABALLAR EN CLASE VARIAS LECTURAS OBRIGATORIAS QUE SE INDICARÁN EN CLASE PARA CADA UN DOS TEMAS. O alumnado terá a obriga de consultar con regularidade o campus virtual da materia, pois será a vía que a profesora utilizará para colgar información sobre todos os aspectos relacionados coa materia. A materia non esixe requisitos previos. Non obstante, considéranse como recomendables: - Coñecementos básicos de informática a nivel de usuario. Coñecementos básicos de Historia e Estatística. Familiaridade con conceptos básicos de Economía.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías